

NAVEGA con RUMBO

Presentación

Visitas aos Centros

Glosario

Contacto

Estás segur@ de que sabes Navegar...

A Internet representa un mundo de posibilidades para o lecer e a aprendizaxe pero tamén supón unha serie de riscos, como son os contidos inapropiados ou a facilidade de contacto con persoas que non son sempre o que semellan ou din ser. Pais, nais e profesores son esenciais para axudarche a emprender...-> [ver máis](#)

Visitas aos Centros de Ensino



Calendario

Presentación



O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), en colaboración coa Xunta de Galicia, presenta o Plan Navega con Rumbo polo Ciberespazo, unha iniciativa encamiñada a que vós, @e escolares, navegades con tino pola Rede, é dicir, con seguridade, evitando o ciberacoso e outros riscos de Internet. A nosa intención é que te mentalices da necesidade de facer un uso responsable das novas tecnoloxías para poder espremerlles toda a substancia posible e adquirir boas experiencias e novos coñecementos.

A Internet é divertida e útil. Podes buscar información para realizar os teus traballos e tamén coñecer e comunicarte cunha chea de persoas ou divertírtete xogando. É un mundo infindo que che ofrece moitas posibilidades. Sabemos que empregas o teu sentido común pero queremos botarche unha man. Atoparás algunhas recomendacións na Guía do Alumnado que farán máis segura a túa navegación polo ciberespazo. Hai un principio común a todas elas: non fagas en Internet nada do que non farías na túa vida real.

A World Wide Web converteuse no maior medio de comunicación da historia da Humanidade, superando mesmo á radio e á televisión. A comunicación humana evolucionou nas últimas décadas como nunca o fixera. Tamén nos nosos fogares e nos centros educativos a Internet se converteu nunha ferramenta imprescindible coa que comunicámonos, educar e traballar.

A Internet representa un mundo de posibilidades para o lecer e a aprendizaxe pero tamén supón unha serie de riscos, como son os contidos inapropiados ou a facilidade de contacto con persoas que non son sempre o que semellan ou din ser. Pais, nais e profesores son esenciais para axudarche a emprender unha navegación responsable e útil, por iso tamén temos suxestións e consellos dirixidos aos maiores cos que te relacionas.

O Plan Navega con Rumbo polo Ciberespazo inclúe unha serie de guías dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás nais e pais, ademais desta web específica e un programa de visitas aos centros escolares onde colexiad@cpeig.es do CPEIG expoñen aquelas recomendacións e consellos necesarios para navegar con rumbo polo ciberespazo. Máis nada. Goza coa Internet e toma nota das nosas recomendacións.



GUÍA de Navegación de Nais e Pais



GUÍA de Navegación do Alumnado



GUÍA de Navegación do Profesorado



Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia



Contacto | Enlaces de Interese

NAVEGA con RUMBO



2018

Adrián Brañas Castro
Enxeñeiro Superior Informático

Novembro de 2018

Sociedade dixital



Sociedade dixital




Nativos dixitais



www.youtube.com/watch?v=-oKq2WFwNao

Nativos dixitais???

- Sabedes realmente como se usan os ordenadores, os móbiles, as tablets, etc?
- Sabedes como funcionan?
- Sabedes para que valen?
- Sabedes os perigos que hai aos usar “mal”?





Internet

•Definición “formal”:

É un conxunto descentralizado de redes de comunicación interconectadas que utilizan a familia TCP/IP, o cal garante que as redes físicas heteroxéneas que a compoñen formen unha rede lóxica única de alcance mundial. Proporciona diferentes servizos aos usuarios, como a web, correo electrónico, descargas e compartición de arquivos, mensaxería instantánea, voz IP, televisión, xogos online, etc.



•Que é realmente:

Un mundo cheo de posibilidades para aprender, divertirse, comunicarse, traballar... Pero no que hai que ter **moito sentidiño para non levar un susto.**



Vantaxes e desvantaxes de Internet

➤ Acceso libre á información

- Procura e publicación de novas ou información técnica,
- divulgación científica...



WIKIPEDIA
La enciclopedia libre

➤ Comunicación a distancia

- A calquera lugar do mundo
- En diferido e en tempo real



➤ Facilita o acceso á aprendizaxe



RefME



mindmeister

Vantaxes e desvantaxes de Internet


➤ Permite traballar en grupo a distancia

- Nas empresas e comunidades,
- compartición de arquivos...




➤ Ofrece novas formas de entretemento

- Tv á carta,
- videoxogos online,
- Youtube...



➤ Novos empregos e xeito de buscalos





Redes Sociais

Definición - Redes Sociais

- **Definición formal:**

Unha **rede social** é unha **estrutura social** composta por un conxunto de actores (tales coma individuos ou organizacións) que están relacionados de acordo a algún criterio (relación profesional, amizade, parentesco, etc). Normalmente represéntanse simbolizando aos actores como nodos e ás relacións como liñas que os unen. O tipo de conexión representable nunha rede social é unha **relación diádica** ou **lazo interpersoal**.

- **Outra:**


Aplicación que serve para que as persoas se comuniquen entre si, de diferentes xeitos, a través de Internet.



JAN
2017

ACTIVE USERS OF KEY GLOBAL SOCIAL PLATFORMS

BASED ON THE MOST RECENTLY PUBLISHED MONTHLY ACTIVE USER ACCOUNTS FOR EACH PLATFORM, IN MILLIONS



DATA CORRECT TO:
23 JANUARY 2017



SOCIAL NETWORK



MESSENGER / CHAT APP / VOIP

48

SOURCES: WE ARE SOCIAL; ANALYSIS; LATEST COMPANY EARNING'S RELEASES, PRESS RELEASES OR MEDIA STATEMENTS; REPORTS IN DEPUTABLE MEDIA, ALL AS OF JANUARY 2017.

***NOTE:** PLATFORMS IDENTIFIED BY AN ASTERISK (*) HAVE NOT PUBLISHED UPDATED USER FIGURES IN THE PAST 12 MONTHS, SO FIGURES MAY BE OUT OF DATE AND LESS RELIABLE.

****NOTE:** SNAPCHAT DOES NOT PUBLISH MONTHLY ACTIVE USER DATA. THE FIGURE USED HERE WAS REPORTED BY BUSINESS INSIDER IN JUNE 2016, BASED ON DAILY ACTIVE USERS.




Hootsuite

we
are
social

<https://marketing4ecommerce.net/cuales-redes-sociales-mas-usuarios-mundo-2018>

WORLD MAP OF SOCIAL NETWORKS

January 2017



Facebook

QZone

V Kontakte

Odnoklassniki

Twitter

LinkedIn



Instagram

credits: Vincenzo Cosenza vincos.it



license: CC-BY-NC

source: Alexa/SimilarWeb

Mensaxería



Compartición de imaxes



Outras...



En canto á súa **utilidade**:

- **Compartir ou subir fotos: 70,9%.**
- Enviar mensaxes privadas: 62,1%.
- Comentar as fotos dos amigos: 55%.
- Aínda que tamén...
para rexoubar: 46,2%.
- *Actividade (tlfno estragado).*



Idades mínimas nas RRSS e videoxogos

- Aínda que o **Reglamento Europeo** establece que a idade mínima para ter unha conta de Redes Sociais son os **16 anos**, está permitido que os estados membros establezan calquera límite de idade a partires dos 13.
- No caso do **Estado Español**, a **Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal** (LOPD) **pon o límite nos 14 anos**. Polo tanto, os menores desta idade, só poderán ter conta en Redes Sociais cando os seus pais ou tutores o consintan expresamente.
- Consecuentemente, as **plataformas sociais** só poderán tratar os datos dos maiores de 14 anos.

www.arag.es/blog/derechos-de-los-ciudadanos/edad-minima-para-tener-redes-sociales





Educación e Internet

Novos modelos de negocio



U B E R



airbnb



Bla Bla Car

Viaja en confianza

Educación en TIC



Canto máis saiba o ser humano da máquina coa que traballa, maior será a produtividade da empresa, da sociedade, do país e por tanto, da civilización.



Educación e Internet






Perigos de Internet

Perigos de Internet

- Internet non é perigoso en si mesmo, pero pode selo o que se agacha nel.
- Algúns perigos de internet son:
 - Correos lixo, spam, cadeas.
 - Virus e troianos.
 - Phising.
 - Violación da privacidade.
 - Ciberacoso, cyberbullyng, grooming.
 - Contidos inapropiados e falsos.
 - Adicción a Internet e ás RRSS.



El 38% de los niños que accede a la Red visita páginas violentas

M. A., Madrid

El 38% de los niños menores de 18 años que se conecta a Internet visita páginas de violencia; un 28%, pornográficas, y un 16%, de contenido racista, según el estudio *Seguridad infantil y costumbres de los menores en Internet* realizado por las ONG Acción Contra la Pornografía Infantil y Protéjeles para el Defensor del Menor de la Comunidad de Madrid. De los chicos que se conectan a páginas de violencia, pornográficas o de contenido racista, lo hacen con frecuencia el 8%, el 9% y el 3%, respectivamente.

PORNOGRAFÍA INFANTIL



Cae una red de pornografía infantil por 'Skype'

P.O.D. | 09/05/2018 - 12:24 CEST

La Policía Nacional detiene a ocho personas (cuatro en España) de una organización internacional que compartía archivos multimedia en la 'Internet profunda'

TECNOLOGÍA



'Sexting' entre adolescentes, una práctica en aumento y cada vez más pronto

DIANA OLIVER | 09/03/2018 - 09:31 CET

Uno de de cada siete jóvenes envía mensajes de contenido sexual (eróticos o pornográficos) y uno de cada cuatro, los recibe



Un teléfono móvil perdido permite a la Guardia Civil detener a un pedófilo

JAVIER ARROYO | 02/04/2018 - 17:22 CEST

Un ciudadano encontró el aparato en la calle con más de 63.000 fotografías de pornografía infantil

Perigos de Internet

NOTICIAS > ESPAÑA

EL 21% DE LOS JÓVENES HA SUFRIDO CIBERACOSO



Víctimas del 'sexting' con sólo 13 años: los peligros de compartir contenido sexual a través del móvil

La Policía ha detenido a un chico de 15 años, por mostrar a sus amigos fotos y vídeos sexuales de su exnovia, de 13 años. Según la Policía, él le obligaba a hacerse esas fotos y luego la chantajeaba. Cada vez conocemos más casos de **sexting**. El 21% de los jóvenes españoles ha sufrido algún tipo de ciberacoso.

Portada Local Actualidad La Vida Deportes Cultura & Ocio Televisión & Radio Opinión

adm » tecnología

Ciberacoso encabeza delitos informáticos entre menores en las redes sociales

Una niña de nueve años ingresa en un centro de rehabilitación por su adicción al 'Fortnite'

La niña llegaba a jugar 10 horas al día e incluso se hacía pis encima para no dejar de jugar al **'Fortnite'**, según relatan sus padres. La profesora de la menor avisó a la familia de la bajada de rendimiento, y esto fue lo que les alertó.

Detenido por practicar sexo con menores tras contactar por «Tuenti»

El arresto se produjo el pasado 27 de octubre, bajo la acusación de un presunto delito de abuso sexual e inducción a la prostitución de menores.

NOTICIAS > CIENCIA Y TECNOLOGÍA

LAS PRECAUCIONES QUE DEBES TOMAR ANTE EL VIRUS



Así funciona el 'WannaCry', el virus cibernético que está atacando a más de 70 países en todo el mundo

Varias organizaciones españolas, entre las que se encuentra **Telefónica**, han sido víctimas de un **ciberataque** de tipo 'ransomware', que secuestra los equipos y la información que contienen y solicita una suma de **dinero** para liberarlos.

Spam

- Non abrir correos de remitentes descoñecidos.
- Activar filtros de spam nos servidores de mail.
- Non rexistrar a conta de correo en calquera web...




Virus - Perigos de Internet

Virus e troianos

– PRECAUCIÓN

- Non abrir correos de descoñecidos.
- Non instalar programas nin extensións dos navegadores que non se saiba para que valen.
- Ao introducir un sistema extraíble no ordenador, escanealo co antivirus antes de abrir os arquivos.
- Coidado coas descargas directas, torrents, p2p, etc.
- Realizar análises cun antivirus actualizado...



– SOLUCIÓN

- Desinstalar software malicioso atopado no S.O.
- Limpar mediante antivirus.
- En casos extremos acudir a especialistas.



Norton
from symantec

McAfee

KASPERSKY Lab

AVG
Anti-Virus

avast!
be free

AVIRA

NOD32
antivirus

bitdefender
secure your every bit

TREND
MICRO

F-Secure

eSET

GDATA

Spyware - Perigos de Internet

Spyware

– Posibles síntomas:

- Ventás emerxentes aínda sen estar conectado a Internet.
- Páxinas de inicio ou opcións de busca diferentes ás habituais.
- Barra de ferramentas nova.
- Lentitude no equipo (abrir, pechar, cambiar de programa...).
- Lentitude na rede (acceso a Internet moi lento).



– Para previr e eliminar:

- Software antivirus/antispysware tipo Lavasoft www.lavasoftusa.com.
- Spybot search & Destroy: www.safer-networking.org.
- En ocasións, máis complexo. Necesidade de desinstalación manual e borrado de claves/arquivos ou similar.



Phishing - Perigos de Internet

Phishing

- Intento de adquirir información confidencial de forma fraudulenta (contrasinais, info de tarxetas de crédito, bancaria, etc).
- A través de programas que se instalan no ordenador e acceden a información sensible (por correo, accedendo a webs non seguras, etc).
- A través de webs falsas que se asemellan ás orixinais.



PRECAUCIÓNS:

- Non abrir correos de descoñecidos.
- Non instalar programas ou extensións que non se saiba para que serven.
- Non descargar arquivos de webs de dubidosa fiabilidade.
- **Intentar confirmar a autenticidade da web á que estamos a acceder...**



Privacidade

- **Compartición da información (fotos, vídeos, datos, etc).**
 - Ter moita conta de onde se suben os datos perosais.
 - Configurar o sitio en canto a quen pode ou non acceder ao noso contido.
 - **Ter en conta que algo que se sube á rede é “*practicamente*” imposible eliminalo de todo!!!!!!**

youtu.be/pLrL1Yg20rA

www.youtube.com/watch?v=WqBl2zyXl7g&t=3s



Adición ás RRSS e Internet

– Ciberadición:

- Débese controlar o uso abusivo e evitar crear unha dependencia coas RRSS, mensaxería, etc.
- Afecta a persoas de todas as idades e hai varios tipos e a adición pode ser a:
 - Cibersexo.
 - Foros de debate ou chats.
 - Xogos por internet.
 - Busca patolóxica de información.
 - Acceso ás RRSS desmesurado.



Adición ás RRSS e Internet

– Problemas:

- Irritación dos ollos, dor de cabeza e costas, etc.
- Sedentarismo e ganancia de peso, falta de produtividade noutros ámbitos, irritabilidade, trastornos do sono, etc.
- En casos extremos, problemas psiquiátricos: trastornos obsesivos, disfunción social, etc.

– Medidas:

- Acudir inmediatamente a un especialista.

– Test:

www.webconsultas.com/mente-y-emociones/test-de-psicologia/test-eres-adicto-internet-11690

Sexting

– Sex + texting:

- Envío de contido erótico ou pornográfico a través dos móbiles.
- Posteriormente envío de imaxes e vídeos a través das redes.
- Máis info en: www.sexting.es.



Sexting - Perigos de Internet

Sexting

1. **Non o produzas.** Pénsao ben antes de enviar fotos comprometidas a alguén. Non sempre se sabe quen está ao outro lado...
www.youtube.com/watch?v=Pw2PVNFkBUs&playnext=1&list=PL188399C443029016&index=4
2. **Non o retransmitas.**
 1. Recibir ou sacar imaxes dunha persoa non dá dereito a compartila, a reproducila nin a distribuila.
 2. Unha **foto da nudez dun ou dunha menor de idade é un delito de pornografía infantil**. Se por calquera motivo se chega a dispoñer dalgũa imaxe deste tipo é preciso acudir ás autoridades o máis axiña con toda a información posible.
 3. A imaxe é un dato persoal e o seu uso está protexido pola LOPD.
 4. A Ley actúa sempre, tamén para os menores, nos casos de incumprimento a través de Internet e móbiles.
3. **Non participes coa túa acción, inacción, a túa risa ou instigación.**

Grooming - Perigos de Internet

Grooming

- Trátase de accións deliberadas por parte dun adulto para:
 - Gañarse a confianza ou amizade dun menor de idade, creando unha conexión emocional, co fin de diminuír as inhibicións deste e poder abusar sexualmente del.



- En ocasións o adulto busca:
 - A introdución do menor no mundo da pornografía infantil.
 - A produción de material de pornografía infantil.

Grooming - Perigos de Internet

Grooming

– Como o intentan?


- Simulan ser tamén un menor (ou non).
- Obteñen datos persoais e de contacto voso.
- Pode durar semanas e incluso meses.

– Que queren conseguir?

- Satisfacción sexual mediante imaxes eróticas ou pornográficas.
- Poden chegar a se encontrar cos menores (agresións sexuais e/ou violacións).
- Noutros casos, é un método para secuestrar ao menor.

Movistar: www.youtube.com/watch?v=lzUNMv9asJE

Orange: www.youtube.com/watch?v=THb8FdsUx38



Ciberbullying e ciberacoso

youtu.be/IDFWQtRiBxXc

– Diferenza:

- **Ciberbullying:** Acosos entre iguais no entorno TIC, incluíndo situacións de chantaxe e insultos de menores a menores.
- **Ciberacoso:** Acosos entre un adulto e un menor no entorno TIC, incluíndo situacións de chantaxe e insultos de adultos a menores.

– Forma de actuar:

- Sempre que se detecte un caso, acudir aos adultos responsables e nos casos máis extremos ás autoridades.



Ciberbullying e ciberacoso

- Violación da intimidade:
 - Usurpar contrasinais.
 - Roubar fotos ou vídeos.
- Calumnias e injurias:
 - Colgar fotos comprometidas.
 - Deixar comentarios con injurias en blogs e redes...
 - Crear un perfil suplantando a identidade.
- Ameazas:
 - Envío de mensaxes, emails, etc. ameazantes.
- Bombardeo de chamadas.



youtu.be/FTG8IBDdHBo








Consellos técnicos

Configurar filtros - Consellos técnicos



Cuando la exploración de InPrivate está activada, verá este indicador



Actualizacións – Consellos técnicos

- Sistema operativo (S.O.)
correctamente actualizado



- Navegador actualizado e con
extensiones anti-popups.



- Antivirus e antispyware actualizados.



- Configuración de firewalls por software e
hardware correcta.




Seguridade – Consellos técnicos

Contrasinais:

- Renovar frecuentemente.
- Uso de passwords fortes.
 - Ex: #45mpF'8mCC2
 - Maiúsculas, minúsculas, símbolos especiais, números e aleatorias.
- Uso dun xestor de passwords.

▪ www.keepassx.org




Programas instalados:

- Coñecemento dos programas.
- Ter aquilo que é necesario e non máis.
- Se se descoñece a finalidade dun programa, investigalo.



Tapar a webcam





Recomendacións

Se na vida real, considerades perigoso:

- Falar con persoas estrañas,
- abrirlle a porta a un descoñecido,
- dar información a un descoñecido que chame por teléfono,
- acudir a calquera lugar sen o coñecemento dos pais/nais;



Por que non somos conscientes de que se deben adoptar as mesmas precaucións respecto ao uso de Internet e das novas TIC?

www.youtube.com/watch?v=pWSrdaKYwtw

Recomendacións

- ❖ **Pauta 1:** Protexer a nosa **privacidade**.
- ❖ **Pauta 2:** Protexer os nosos **ordenadores e a nosa rede**.
- ❖ **Pauta 3:** Ser **crítico**: Non todo o que hai en internet é bo.
- ❖ **Pauta 4:** Ser **respetuoso e responsable** na rede.
- ❖ **Pauta 5:** **Dosificar** o uso de internet.
- ❖ **Pauta 6:** **Comunicarse**. Pais a fill@s, fill@s a pais, alumn@s a profes, profes a alumn@s, compañeir@s a compañeir@s...

Pero sobre todo, se temos algún problema ou descoñecemento sobre algo, informarnos e acudir a profesionais.

Recomendacións

- Estar acompañad@s por adultos no uso das novas tecnoloxías.
- Non conectarse a horas inadecuadas.
- Coñecer as ferramentas que estamos a utilizar.
- Utilizar os consellos anteriormente mencionados de seguridade.
- Aprender que:
 - Non se deben facilitar enderezos, nº teléfono, fotos ou calquera tipo de información que nos poida identificar, nin falar con descoñecidos a través da rede.
 - Existen perigos: Na rede non todo é o que parece e hai que ser precavido e crítico cos contidos.
 - No caso de que alguén insista en solicitar información nosa ou da familia, alertar a pais/nais e profes.
- Cumprir as normativas de idade e uso das aplicacións.

O máis importante de todo: **A Comunicación!**

- Prohibir habitualmente non ten os efectos esperados.
- Educar, aprender, previr, advertir, explicar.
- Establecer relación de confianza.
Falar cos pais/nais sobre:
 - Hábitos.
 - Amistades (reais e virtuais).
 - Gustos e preferencias.
 - Aquilo que descoñecemos.
- Tentar establecer unha comunicación bidireccional sen vergoña.



Axudas (entre moitas outras que existen):

- Navega con Rumbo: www.navegaconrumbo.es
- Rapaciñ@s: www.rapacinos.gal
- **Identidade Dixital Xunta:** eventos-edu.xunta.gal/identidade-dixital
- Oficina de seguridade do internauta: www.osi.es
- Instituto Nacional de Seguridade: www.inteco.es
- Portal do menor: www.portaldelmenor.es
- Denuncias contra a pornografía infantil: www.estafa.info
- Navegación segura: navegacion-segura.red.es
- Navegación segura: www.pantallasamigas.net
- Ciber acoso: dialogando.com.es
- Sistema de clasificación de xogos: pegi.info/es
- Internet for kids:
ec.europa.eu/information_society/activities/sip/index_en.htm
- Defensor do Menor:
www.defensordelpueblo.es/grupo-social/menores

... e moitos máis!



NAVEGA con RUMBO

Presentación

Visitas aos Centros

Glosario

Contacto

Estás segur@ de que sabes Navegar...

A Internet representa un mundo de posibilidades para o lecer e a aprendizaxe pero tamén supón unha serie de riscos, como son os contidos inapropiados ou a facilidade de contacto con persoas que non son sempre o que semellan ou din ser. Pais, nais e profesores son esenciais para axudarche a emprender...> [ver máis](#)

Visitas aos Centros de Ensino



Calendario

Presentación



O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), en colaboración coa Xunta de Galicia, presenta o Plan Navega con Rumbo polo Ciberespazo, unha iniciativa encamiñada a que vós, @s escolares, navegades con tino pola Rede, é dicir, con seguridade, evitando o ciberacoso e outros riscos de Internet. A nosa intención é que te mentalices da necesidade de facer un uso responsable das novas tecnoloxías para poder espremerlles toda a substancia posible e adquirir boas experiencias e novos coñecementos.

A Internet é divertida e útil. Podes buscar información para realizar os teus traballos e tamén coñecer e comunicarte cunha chea de persoas ou divertirte xogando. É un mundo infinito que che ofrece moitas posibilidades. Sabemos que empregas o teu sentido común pero queremos botarche unha man. Atoparás algunhas recomendacións na Guía do Alumnado que farán máis segura a túa navegación polo ciberespazo. Hai un principio común a todas elas: non fagas en Internet nada do que non farías na túa vida real.

A World Wide Web converteuse no maior medio de comunicación da historia da Humanidade, superando mesmo á radio e á televisión. A comunicación humana evolucionou nas últimas décadas como nunca o fixera. Tamén nos nosos fogares e nos centros educativos a Internet se converteu nunha ferramenta imprescindible coa que comunicámonos, educar e traballar.

A Internet representa un mundo de posibilidades para o lecer e a aprendizaxe pero tamén supón unha serie de riscos, como son os contidos inapropiados ou a facilidade de contacto con persoas que non son sempre o que semellan ou din ser. Pais, nais e profesores son esenciais para axudarche a emprender unha navegación responsable e útil, por iso tamén temos suxestións e consellos dirixidos aos maiores cos que te relacionas.

O Plan Navega con Rumbo polo Ciberespazo inclúe unha serie de guías dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás nais e pais, ademais desta web específica e un programa de visitas aos centros escolares onde colexiad@s do CPEIG expoñen aquelas recomendacións e consellos necesarios para navegar con rumbo polo ciberespazo. Máis nada. Goza coa Internet e toma nota das nosas recomendacións.

GRAZAS!

Algunha pregunta?

Adrián Brañas Castro



GUÍA de Navegación de Nais e Pais



GUÍA de Navegación do Alumnado



GUÍA de Navegación do Profesorado



Contacto | Enlaces de Interese